

Metaliteratura

O complexo mundo da educación ten na literatura un valioso instrumento capaz de ocupar espazos imaxinarios e reais e encheiros de fantasía ou cotidianeidade, ategándoo sempre de palabras que, a miúdo, non son só palabras, senón pensamentos, sentimentos, valores, contravalores, medos, alegrías... e que baixo calquera forma poboan as páxinas dos libros que os artifices das letras se encargan de artellar seguindo o ditado da deusa inspiración.

E como a educación pode adoitar variadas formas unha mostra significativa pode ser *Gordiño recheo* de Fina Casalderrey, unha boa coñecedora da psicoloxía infantil-xuvenil e como tal unha encantadora das palabras que na súa pluma cobran unha relevancia especial, porque sabe coma poucos prender a chispa que acende a sensibilidade dos nenos.

Nas páxinas deste libro poderán os lectores atopar reflectidos comportamentos pouco lóxicos pero moi habituais na vida cotiá, pensamentos propios dos adultos e que non entenden os nenos ou angustias infantís que levan os rapaces a reaccionar de forma

Encantadora das palabras



MARÍA NAVARRO

inesperada. E todo baixo un formato pouco novidoso, pero moi efectivo: un neno de nove anos chamado Zoel lembra den-



de a cama dun hospital que lle pasou nos últimos días e fai tamén un repaso-reflexión de momentos significativos da súa vida coas indicacións pertinentes ás persoas que o rodean e ás que xa non están. Así sabemos das teimas do seu tío Amancio, das preocupacións de seu pai, da ausencia de súa nai ou dos xogos cos amigos. E entre lembranza e lembranza, coñecemos o contido dun libro titulado “Andrea Macarrón Groso, repoludo e manteigoso” que lle regalou o seu tío para que se entretivese e pensase sobre os efectos positivos e negativos da inxesta excesiva de determinados alimentos e de paso tentase ver se había algunha relación cos seus propios hábitos.

A metaliteratura funciona neste caso como un recurso moi valioso que deita unha ollada sobre múltiples aspectos e é que a través da lectura un pode ver a realidade dende unha óptica diferente á habitual, entender que determinadas condutas poden ser prexudiciais para a saúde, valorar a importancia do que un ten e, o que pode ser máis substancial, descubrir a lectura como unha fonte de entretemento e diversión.

CASALDERREY, Fina, *Gordiño recheo*, Ed. SM/Xerme, Vigo, 2007, 110 páxinas.